8 / XULLO DO 2004 - NÚMERO 522

rdl REVISTA DAS LETRAS





LITERATURA FOLGAZANA.

Francisco Castro

Coordinación: A.R. López e Soedade Nola.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com


RAMÓN PIÑEIRO
GALICIA
VITOR VAQUEIRO
A BELA OTERO
PIONEIRA DO CINE
MARTÍN CODAX
GRAMÁTICA

"Eu son un home, eu son a miña memoria". E o autor pregúntase: "¿Cal é a experiencia deste escritor, que é o que sabe, que é o que ten claro?" "No fundamental, as vivencias dos libros" responde. "Pero, como diría Borges, tamén a súa memoria" engade. "E moitas das mellores cousas e das máis interesantes que son capaz de lembrar atopeinas, ou pasáronme, case que sempre nos libros, así de aborrecida é a vida deste escritor que non dorme". Francisco Castro (Vigo, 1966) indaga, con pulso vitalista, e ironiza, con arranque crítico, na escrita que é vida sobre a que volve nunha autopoética no seu último título 'Xeración Perdida' (Galaxia, 2004) que empeza con citas de Whitman, Lennon & McCartney, Monterroso ou Virgina Woolf, aínda que ao inquirilo sobre as súas pegadas literarias fala de Borges ou Pessoa que abrollan nun mundo onde autor e personaxes se confunden, onde se detecta a clara vocación de facer unha nova literatura (non experimentalista). "Pódese afirmar que hai unha xeración de escritores novos, arredor dos corenta anos, con gana de non repetir o mesmo e de

O home= memoria

+autorreflexión

achegar a literatura galega á universal", mantén Castro, membro do colectivo de acción cultural Redes Escarlata, quen está convencido de que vivimos nese mundo agoirado por Nietzsche: "Un século estraño, con falta de referencias". "Esta sociedade precisa que alguén lle diga catro verdades", apunta o autor de textos como 'A canción do naúfrago', 'Play-back', 'Amor de cinema' ou 'Xeografías' que mereceu premios como o Lueiro Rey de novela ou o Reimóndez Portela de Xornalismo e que leva meses ensarillado nunha nova novela; longuísima. Do relato histórico á literatura erótica ou da poesía aos textos en prensa, Castro advirte dos "perigos da metáfora" ("Non hai nada máis perigoso cás metáforas") e da "emoción da palabra" que agora reflite neste monográfico da Revista das Letras sobre o relato inédito 'Literatura folgazana', no que o autor e activista cultural reivindica a súa voz, a súa maneira de ver o mundo. Eis a proposta de fondo porque "a literatura é unha maneira de facer máis interesante a vida. Esta, por si mesma, non vale nada. A vida, quero dicir. A literatura si".

''A literatura esixe un acto de responsabilidade. Escribir é crear mundos''. ''Escribir é unha maneira de facer máis interesante a vida que -tal como a vivimos ou nos obrigan a vivila- é aburrida, sosa, previsible e vulgar.'' ''A arte é intento de superación das miserias da vida''. ''É imposible profesionalizarse na arte e literatura galega''. ''A literatura galega está enferma polo mesmo motivo que calquera outra manifestación artística: calquera actividade creativa no país é meterse nunha situación de esquizofrenia''. ''Hai que asumir a vocación de ser politicamente incorrecto nunha época na que cada día é máis difícil reivindicar nada''. ''O escritor ten como cidadán unha responsabilidade coa sociedade''.

[Literatura folgazana]

Notas críticas arredor de Xoán Xosé Veiga, o Mellor Escritor Galego de Todos os Tempos

Xoán Xosé Veiga foi un escritor folgazán. Pasou a vida enteira traballando en historias que quixo escribir mais, por pura preguiza, nunca o fixo. De ter algo máis de constancia - só iso necesitaba un escritor do seu talento - teríanos deixado con toda seguridade un número abraiante de novelas, poemas, relatos curtos e ata ensaios filosóficos. Esa é a conclusión necesaria á que chego despois de ter acceso ao seu arquivo persoal, pois tanta é a profundidade e a calidade das súas notas. Porque ese foi o seu traballo básico: tomar notas. Notas e notas interminablemente escritas en cadernos escolares que organizaba seguindo xerarquías confusas cunha lóxica, ou ilóxica, interna, para min imposible de descifrar a día de hoxe. Eses cadernos aparecen numerados á maneira tradicional, mais tamén mesturados con outras notas, domésticas, da compra do día, recibos de caixeiros de banco, facturas, calendarios pornográficos (polos que sentía verdadeira devoción) e, sobre todo, debuxos repetitivos (nomeadamente o mesmo monicreque de trazos infantís), así como unha gama infinda de letras dispostas nun xeito caótico e ilexible.

Procedemos, xa que logo, a transcribir algunhas desas notas fragmentarias referentes ao traballo literario de Xoán Xosé Veiga, tiradas dos seus arquivos. Como xa dixen, o noso autor nunca publicou nada. De feito, ninguén sabía do seu labor literario. Todos, incluso a propia esposa e o fillo, ignoraban esa paixón secreta. Cando o vían escribir con aquela intensidade naqueles cadernos de cores que nunca deixaba a ninguén, pensaban en moitas cousas, pero nunca na literatura. Como referiu Xosefa Perdiz, viúva, cando a entrevistei para a elaboración deste informe: "¿O meu home escritor? Saca de aí. Imposible. Era un nugallán e vivía no bar. Ese non sabía nin coller o lapis". Podemos desculpar a actitude hostil da muller, en parte xustificada pola curiosa (a viúva dixo "desastrosa") vida en común que levaron.

Xoán Xosé Veiga, o Mellor Escritor Galego de Todos os Tempos, non soubo facer felices nin á súa muller nin ao seu fillo. Foille infiel dunha maneira constante, reiterada e case patolóxica. Ao respecto do fillo diremos que ignorou conscientemente a súa existencia e as súas obrigas como pai. Foi un desastre de home.

Na nosa aposta crítica e biográfica atrevémonos a apuntar que, como estaba tan mergullado na creación de todas esas historias que nunca chegou a escribir, non tiña tempo para se ocupar da familia. Esa é a nosa crenza. ¿Cantos escritores importantes viviron así, entregados á súa obra e ignorantes de todo canto pasaba ao seu redor? Podería contraargumentarse que iso aconteceu, na historia da literatura, con moitos escritores que escribían e que publicaban e que Xoán Xosé Veiga non publicou nada. Certo. Non podemos discutir iso. Ofrecemos, só, a nosa intuición de eséxetas.

En calquera caso, deixamos as investigacións biográficas para outros traballos futuros. A obra de Xoán Xosé Veiga é tan ampla (a pesares da súa condición fragmentaria) que hai traballo dabondo para moitos anos.





Daquela, a Xullo de 2004, o que podemos ofrecer á curiosidade lectora é o que aquí de seguido transcribimos (o texto literario vai en letra normal; as reflexións feitas con bolígrafo vermello sobre o texto, polo propio autor, ofrecémolas en cursiva):

[O profesor]

Notas para unha historia académica.
(9 de xullo de 1983)

Manuel era un profesor aborrecido da súa vida docente (*reflexionar sobre o parecido das palabras "docente" e "doente". Con rexouba*). Levaba quince anos traballando no ensino secundario e estaba, para dicilo sen adornos, farto de todo. Os domingos á noite custáballe durmir porque, dunha maneira inevitable, íaselle a cabeza á primeira clase do luns, cando tería que se enfrontar á súa clase de Xeografía cos seus estúpidos alumnos da ESO. Pero un día, aconteceu algo que cambiou para sempre esa ladaíña triste que era o seu traballo. No básico e por amolar, fixo unha pregunta dificilísima, unha desas que non vén no libro de texto, unha cuestión complexa sobre a formación das rías galegas. Nin sequera el tiña moi clara a resposta. *¿A quen carallo vai importarlle como se formaron as rías? Como se iso fose importante para ir polo mundo. Que de cousas inútiles me fixeron estudiar. Acórdome agora das clases de Latín e da nai que as botou, e, sobre todo, da nai que botou á profesora de Latín.* Daquela, Xaquín Pita, o rapaz máis fedello da clase, o tipo máis desastroso e máis sen futuro daquela aula, ergueu a man para responder. ''Eu sei a resposta, eu sei a resposta. Pregúnteme a min''.

Desde a súa cadeira profesoral, Manuel ergueu canso a ollada disposto a escoitar calquera estupidez. Mais, Xaquín Pita, dixo: ''O que pasou foi que os extraterrestres, hai millóns de anos, antes de que existiran os monos sapiens, no tempo dos dinosauros, viñeron a Galicia coas súas naves espaciais e daquela eran tan grandes e eran tan nucleares que desprendían unha enerxía tan grande e tan nuclear que esgazaron a costa formando eses accidentes xeográfico-políticos que chamamos rías de Vigo e de Muros. E a de Ourense tamén''. Xaquín Pita estaba de pé, moi serio e moi consciente da babecada que viña de dicir. O resto dos rapaces nin pestanexaban, atónitos. Rodrigo, o parvo que senta á dereita polo final, xa empezaba a rir. Xaquín Pita, moi serio e moi digno, agardaba cheo de ansiedade a valoración do mestre. Mais para sorpresa de todos, Manuel dixo: ''Moi ben Xaquín, moi ben. Vexo que estudiaches. Esa é a resposta correcta. Pensei que ninguén a sabía. Veña, repítea. E todos os demais, a copiala, que vou preguntala seguro no exame''. Manuel, o profesor canso e desmotivado



de Xeografía, pasou o resto da semana ofrecéndolles aos alumnos teorías inverosímiles e sorprendentes moito máis interesantes que as verdadeiras. Así, por exemplo, explicoulles que os escoceses levan saia porque, en realidade, son todos travestis (*en 'Braveheart', ¿por que lle ensinan o cu, senón, aos ingleses?*); que Cristóbal Colón volveu enfermo do Novo Continente pola infección que lle produciu unha ferida no cu causada por unha perdigonada que, nun arrouto de celos, lle deu un dos irmáns Pinzóns (non está claro cal dos dous) que, en realidade, era parella de feito do Almirante (como suxire certa canción popular; Manuel fíxolla cantar a todos); explicou tamén, que había unha relación directamente proporcional entre o tamaño da cabeza dos grandes persoeiros históricos e os seus testículos (*gústame escribir isto, eu son bastante cabezón*). Así, exemplificou o noso profesor, Napoleón foi un home que os tiña moi gordos e avultados, mentres que Hitler e Franco, obviamente, tíñanos moi pequenos.

Despois desta semana frenética e vistas as queixas reiteradas dos pais dos alumnos, o director decidiu expulsalo para sempre.

Aquí deixo esta historia. Retomala máis adiante. Hai que profundar nos aspectos psicolóxicos dos nenos e do profesor. Realizar unha crítica velada sobre o sistema educativo occidental. NOTA PARA MIN: Estou canso, moi canso. Hoxe non escribo máis. Prepararei un cubata de xenebra para procurar a inspiración e seguir mañá.

[Onírica]

(11 de agosto de 1984)

Estas cousas pásanme por darlle tanto ao cubalibre. Agora teño sono, moito sono. A historia, tal e como se me ocorreu no bar era boa, moi boa, pero xa se me esqueceu. Iría polo segundo cubata, non máis, e vin a historia clara. E cando ía apuntala, decateime de que deixara o puto caderno na casa. E agora, madía leva, teño sono, moito moito... Apunto o que poida e marcho para cama a durmir. Mañá póñome con ela. Esta si vou ser capaz de escribila.

Alí ninguén soñaba. O goberno mundial distribuía a substancia anonírica *(Velaquí unha fermosa palabra de laboratorio. Tamén podía poñerme a inventar palabras e así facerme de ouro escribindo con termos raros e estraños)* que impedía á xente soñar. O goberno explicáralles ás persoas que soñar era perigoso, que, de feito, era a actividade máis perigosa que existía, que se alguén soñaba morría seguro. E todos críano e, daquela, ninguén esquecía tomarse o líquido anonírico que impedía que a xente soñase. *(Carafio, este si que podía ser un bo conto. Habería que tirar deste fío, e seguir insistindo por aquí, a ver que se me ocorría. Pero teño sono. Palabra que hei deixar os cubatas para sempre. Ou, mellor, o que cómpre é non esquecerse de ir co caderno de notas a todas partes. Sobre todo ao bar).*

[Experimento literario]

(3 de Marzo, ¿1985?, ¿86?)

Sería interesante escribir relatos dunha soa palabra, ou de moi poucas. Algo rompedor e visceral, algo radical que non se teña feito antes na literatura galega. Nada de microcontos ou microrelatos ou todas esas paifocadas que fan algúns escritores sen imaxinación tipo Monterroso e así.

Idea Relato 1: Picado. Estou picado e moi farto e un día vou ser cabronísimo.

Idea Relato 2: Ela achegouse a min, máis víanselle as trazas con claridade. Viña ao que viña (*Había que animarse a escribir un relato erótico)*

Idea Relato 3: O profeta lanzou o seu agoiro. Todos tremeron (*conto de medo, de moito medo, con este inicio abraiante)*

Idea Relato 4: Diálogo:
- O fillo non é teu. É de meu pai. Ademais, estou operada. Non me chamei sempre Vanessa. Antes, era Venancio.
- ¿Pero que me dis? - contestou Liborio Alberto Segundo Santiago - ¿que me dis? Ese fillo é meu. E eu tamén teño algo que confesarche - Liborio Alberto Segundo Santiago fixo unha pausa dramática - Amo á túa avoa e imos casar mañá en Las Vegas (*unha historia romántica. Non hai case literatura romántica de culebrón en galego. Mágoa non ter agora tempo para desenvolver isto)*
Idea Relato 5: O radioguía radioestésico radiografou a radical realidade de Ramón.

Informe rematado a día de hoxe, 1 de Xullo de 2004. Volveremos, noutro momento a nos ocupar da Literatura Preguiceira de Xoán Xosé Veiga, o Mellor Escritor Galego de Todos os Tempos.

A foto da páxina 2 é de Francisco Castro nun posto da Feira do libro de Vigo realizada por Ramón Escuredo